

Altamira



Revista informativa do Concello de Brión

ANO V

OCTUBRO-89

Nº 15



- EDITORIAL: Ficción e realidade nos incendios forestais
- RAFAEL FERNANDEZ VAZQUEZ: Comandante militar aéreo do aeroporto de Santiago
- LEMBRANZAS: O lugar de Lamiño (I)
- EMIGRACION: O retorno (I)
- NOTICIEIRO: As novas ordenanzas fiscais
- A NOSA HISTORIA: o período da romanización
- XORNAL VERDE: Animais de fermosa pel

Axente

FIAT
Tractores

Talleres P E D R A R E S

Fabricación e venda de
Maquinaria agrícola e forestal
Desbrozadoras ZAZURCA
Autocargadores BOSS
Motoserras e desbrozadoras de man
JONSERED

Tlf. avisos: 8999 57

Vila-Viceso - BRION

Director:

Xoán R. Pais Andrade

Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso
Afrodicio J. Montero Vieites
Xosé Freire Caamaño
Xacobe Pérez Paz
Dora Mirás Pérez
Luciano Pena Andrade
María Xosé Moldes Pose
Xosé Caramés Vázquez

EDITORIAL

OS INCENDIOS FORESTAIS: FICCION E REALIDADE

A estas alturas, a ninguén se lle esquece que a situación de Galicia respecto ós incendios forestais é moi grave. Os máis de dous mil incendios contabilizados neste último verán na nosa Comunidade Autónoma reflexan claramente que o problema non só está lonxe da súa solución, senón que, máis ben, está a extenderse máis.

Excepcional ano de sequía aparte, o certo é que este ano o lume queimou as últimas zonas donde se conservaban importantes reservas forestais, sobre todo en Carnota (A Coruña) e o Barco de Valdeorras (Ourense) provocando uns incendios de varios kilómetros de fronte e que estiveron activos durante máis dunha semana, sen que houbera forma de atallalos.

Máis grande aínda foi o crecente perigo que ultimamente supoñen os incendios forestais para os cultivos agrícolas e as propias vivendas da xente rural. Este ano, en concreto, xa se tivo que actuar máis para controla-lo lume nas proximidades dos núcleos de poboación e que non se produciran desgracias persoais, que para tratar de atallalo no propio monte onde cada vez o risco é maior, dada a magnitude dalgúns incendios.

Dende unha perspectiva obxectiva, racional e pragmática, hai que entrar nun serio debate a tódolos niveis posibles (Estado, Comunidade Autónoma, Goberno Local, Sociedade, Equipos técnicos, etc.) e canto antes, para definir claramente as medidas reais que poidan, nun futuro inmediato, rematar coa máis grande ameaza e o perigo máis inmediato para o noso desenvolvemento como Comunidade Autónoma.

Como dicía un coñecido autor: "Todo o que non é realidade é ficción", e polo tanto, se nos esquecemos un pouco das polémicas "ontolóxicas" acerca do "ser" real que causa os incendios, e nos centramos máis en se as medidas que se están a tomar son realmente efectivas para acabar co lume ou son pura ficción, cecais atopemos antes as verdadeiras solucións e esteamos en camiño de curar este verdadeiro cancro que estraga cada ano unha porción importante do noso tecido vital.

Os vinteito presuntos pirómanos detidos este verán, así como tódalas medidas de prevención e actuación rápida contra os incendios forestais na nosa terra, aínda recoñecendo o importante esforzo despregado, quedan en pura ficción se non se incide dunha maneira clara sobre un dos factores determinantes dos incendios: a leña e a maleza dos montes.

Os nosos montes arden, non só porque hai xente desalmada e irresponsable que lle prende lume, senón tamén porque tódolos incendiarios atopan nos nosos montes as

mellores condicións para que o lume prenda e se extenda con rapidez, causando os estragos que todos coñecemos: total falta de limpeza de malezas e arbustos altamente combustibles, total desinterese dos seus propietarios pola escasa rentabilidade que lles supón a actual distribución da propiedade cun mercado minifundismo, total falla dunha infraestrutura de accesos amplos e rápidos, escasa credibilidade na efectividade dos medios contra incendios que induce a que case ningún propietario se movilice contra o lume, falla dunhas medidas alternativas ante o abandono do tradicional uso do monte (extracción de toxo para o estrado das cortes, recolleita de piñas e arume dos piñeiros, desbroce dos arbustos e polas secas das árbores para uso doméstico, etc.) que dunha forma natural, mantíña limpo o monte e xeneraba unha rendabilidade económica permanente.

Ata agora as medidas tomadas polas institucións públicas van máis encamiñadas a atalla-los incendios e a frea-los seus efectos que a modifica-las condicións obxectivas dos montes que son, incendiarios aparte, os factores máis determinantes do volume e extensión dos desastres.

Pretender que unha política destinada exclusivamente a culpabilizar ós incendiarios e a atalla-los incendios alí onde todos estos tolos o produzan vai a erradicar esta lacra do lume na nosa terra, e non só vivir nunha permanente ficción senon, e o que é máis grave, carecer da mínima perspectiva política para darse verdadeiramente conta do potencial económico que se nos está a escapar cada ano co lume e do que isto realmente significaría para o desenvolvemento da nosa terra se se invertira o que é necesario para desenrola-la infraestrutura precisa que faga rentable os nosos montes: reparcelación, apertura de pistas, difusión das modernas técnicas selvícolas, regulación do mercado da madeira, apoio á limpeza dos montes e dotación dun sistema permanente de vixilancia contra incendios.

Ultimamente un xa empeza a pensar que as nosas autoridades prefiren incidir máis sobre as medidas de ficción, que son moito menos costosas e teñen á xente entretida nas fantasías de "tramas negras", "intereses ocultos", "confabulacións internacionais", ás que a rica fantasía da nosa terra é tan proclive, namentras non pensan en outros factores obxectivos, máis fáciles de incidir neles realmente, como é a reparcelación e a limpeza dos montes, pero eso sí, moitísimo máis costosos e que obrigarían a afrontar numerosos problemas e conflitos dos que, coidamos que con esta política de parches, están a fuxir.



RAFAEL FERNANDEZ VAZQUEZ: Comandante militar aéreo do aeroporto de Santiago

Lamentablemente, a paisaxe galega durante os veráns está invariablemente xunguida tanto ás enormes cortinas de fume, que sinalan nos montes do arredor os distintos puntos da multitude de incendios que se suceden uns ós outros con unha cadencia progresiva dende o mes de maio ata o mes de outubro, como duns aparatos, de aspecto máis ben tosco, ruidosos e lentos que sucen o aire, nun ir e vir contínuo, dende o foco de lume ata os depósitos naturais de auga (ría, encoros) carrexando miles de litros diariamente para sofocalos incendios dos montes.

Rafael Fernández Vázquez, actualmente comandante militar aéreo do aeroporto de Santiago, foi dende o seu comezo (1973) piloto do 43 Grupo das Forzas Aéreas ata o ano 1986, en que acadou o límite de idade regulamentaria para voar e pasa a ocupar o cargo que está a desempeñar nestes momentos. Aínda que é natural da Coruña, está moi vinculado ó noso Concello, primeiramente por ser fillo do garda Patiño, que estivo destinado no posto de Brión dende o ano 1949 e, posteriormente, no ano 1957, ó afincarse definitivamente ca súa familia neste municipio.

P.— ¿Podería falarnos un pouco da súa traxectoria profesional?

R.— A miña carreira profesional

comeza no ano 1952 co ingreso na escola de pilotos de complemento do Exército do Aire con sé en Sevilla e en Xerez. Ó ano seguinte saíu co grao de sarxento-piloto e vou destinado para Valladolid e logo para Xetafe. No ano 1955 ascendo ó grao de brigada, e no ano 1961 a alférez, no 66 a teniente e no 73 a capitán. Naqueles anos os meus destinos alternáronse entre Valladolid, Xetafe, Talavera, Badajoz, Torrejón e Catro Ventos. A partir do ano 1973, entro a formar parte do 43 Grupo das FF.AA., ascendendo no ano 80 a Comandante e, no ano 1988, a Tte. Coronel. Ademais estou en posesión dos cursos de piloto de guerra, reactivista e piloto de avión anfíbio ou hidroavión, como é máis coñecido.

— ¿Cando e onde naceu a idea de utiliza-los avións das Forzas Armadas na extinción dos incendios forestais?

— A utilización do medio aéreo nas tarefas de protección contra incendios forestais, comezou hai algo máis de cincuenta anos para detecta-los incen-

A miña carreira profesional comeza co ingreso na escola de pilotos de Complemento no ano 52.

dios na costa oeste dos Estados Unidos. Na década dos anos trinta, a Unión Soviética, Estados Unidos, Canadá e Australia fixeron os primeiros intentos de utilizacións de avións en tarefas puramente de extinción. No ano 1950, aínda que se considere anecdótico, conséguíase o primeiro éxito operativo ó retardar un incendio lanzando bombas de auga cunha capacidade de 14 litros soamente.

No ano 1963 Canadá lanzouse ó estudio das características dun avión ideal para estas funcións, xurdindo destas investigacións o modelo "Canadair CL-125", que, incluso, superaba nalgúns casos, as características prefiridas.

— ¿Cando se decide en España a incorporación deste sistema aéreo de loita contra-incendios?

— A traveso do Ministerio de Agricultura realizase a primeira compra de dous destes aparatos que fan a súa aterraxe no noso país o 8 de febreiro de 1971 na Base aérea de Xetafe, quedando momentaneamente encadrados no 803 escuadrón das FF.AA. En xaneiro do ano 1973, con estes dous avións e 4 avionetas U-9 (Dornier-27) con depósito para 500 litros de auga, créase o 404 escuadrón ó que, posteriormente, ante os satisfactorios resultados obtidos e as continuas peticións de apoio aéreo por parte das autoridades provinciais, se lle incorporan oito avións máis adquiridos no ano 1974, pasando a ubicarse á Base Aérea de Torrexón. No ano 1979 mércanse sete avións máis deste tipo, polo que a partir deste ano, descontando as baixas producidas, o escuadrón vai contar con 14 unidades UD-13.

— Recentemente un diario galego promoveu unha homenaxe ós tres pilotos que perderon a vida aquí, en Galicia, colaborando nunha extinción dun incendio á que se xunguiron inmediatamente numerosas entidades públicas e privadas. Podería narrarnos un pouco a traxectoria deste escuadrón 404.

— O primeiro accidente mortal do 43 grupo das FF.AA., desgraciadamente, acaeceu na nosa terra, no ano 1976, namentras realizaba a extinción dun incendio forestal no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, e no que pereceron os tres membros da súa tripulación. Outros dous accidentes vanse a producir un ano máis tarde, en 1977, cando o noso escuadrón colaboraba na extinción de dous incendios, un en Guipúzcoa e outro en Valencia. Afortunadamente os accidentes só supuxeron a perda dos aparatos, podendo salvarse as dúas tripulacións. Máis adiante, no ano 1980, cando se colaboraba na extinción dun incendio na provincia de Alicante, outro avión sofre un accidente cando efectuaba

o despegue no encoro de Beniarrés e, como consecuencia do mesmo, falece o primeiro piloto e o mecánico de voo, resultando con graves feridas o segundo piloto. O 2 de marzo de 1981, cando efectuaba unha misión de adestramento e instrución no encoro de Buendía (Cuenca), outro accidente cóstalle a vida ós catro compoñentes da tripulación. Finalmente, a principios do ano 1987, mentras efectuaban misións de adestramento os avións UD-13/05 e UD-13/08, sufriron sendos accidentes sen danos persoais para a tripulación, pero coa perda do avión 18 e a baixa temporal do

No ano 1963, Canadá lanzouse ó estudio das características dun avión ideal contra incendios forestais.

avión 05 que está a reparar nestas datas.

— ¿Cal é o funcionamento e actual composición do 43 Grupo das FF.AA.?

— As actividades do 43 Grupo céntranse na extinción de incendios forestais para o que traballa en estreita colaboración co ICONA. As bases deste labor conxunta veñen determinadas polo Protocolo de xuño do ano 1981 asinado entre o Exército do Aire e o ICONA. Deste Protocolo podemos suliña os puntos de interese xeral que son: a) A forma de actuación da Unidade será: bombardeo de auga, vixilancia, recoñecemento e transporte de material. b) Os servicios a prestar poden ser de dous tipos: Servicios imprevistos e Servicios previstos. Os servicios imprevistos son solicitados durante as estacións do ano na que a probabilidade de incendios é reducida e son atendidos dende a súa base principal de estacionamento en Torrexón (Madrid). Os servicios previstos son realizados na época do ano na que a probabilidade de incendios é maior, e para iso a unidade desprega parte dos seus avións á Base Secundaria de Reus, Santiago, Palma de Mallorca, Xerez e Albacete. Tódalas peticións de cooperación dos avións UD-13 do 43 Grupo, hai que facelas ó traveso do ICONA.

— Canto persoal atende a esta unidade?

— O persoal completo da unidade está composto de 41 pilotos, seis oficiais de mantemento, 24 mecánicos de voo, 26 mecánicos de terra, nove cabos 1.^a axudantes e 22 soldados. O traballo do persoal de mantemento é esgotador durante a época alta de incendios. A

unidade trata de mante-lo 70% de avións operativos e para iso é necesario traballar incluso pola noite intentando recuperar avións para o día seguinte.

— Resuma un pouco o traballo operativo desta unidade dende o seu nacemento.

— O día 3 de Xuño de 1978, cinco anos despois do seu nacemento, o 404 escuadrón celebrou, ante S.M. a Raíña Dona Sofía e a S.A.R. o príncipe de Asturias, as 10.000 primeiras horas de voo. Oito anos despois, en setembro de 1986 acadou xa as 50.000 horas e consagrándose como unha das unidades máis operativas do Exército do Aire e contando o seu persoal con suficiente experiencia para afrontar calquera das misións encomendadas.

Cabe destacar o ano de 1979 como o de maior actividade do escuadrón na loita contra os incendios forestais, xa que soamente, na extinción dos mesmos realiza 2.986:15 horas de voo e efectúa 8.100 lanzamentos de auga. Ata o trinta de maio de 1988 están contabilizadas 57.829:45 horas de voo, 131.812 cargas de auga efectuadas e 25.589 tomas de auga.

— ¿Cales son as vantaxes e os inconvenientes, ou mellor dito limitacións, dos medios aéreos, para a loita contra os incendios forestais?

— As vantaxes deste medio son as seguintes: Ataca-lo incendio rapidamente, antes de que poida adquirir gran tamaño e violencia; atalla-los incendios localizados en terreos de difícil acceso ós equipos de terra; descargar grandes cantidades de auga ou retardantes químicos sobre o incendio, todo iso en cortos intervalos de tempo e, finalmente, pasar, rapidamente dun incendio a outro, extinguindo focos iniciais alonxados entre si protexendo homes e material.

As limitacións veñen dadas principalmente pola horas de luz, polo número de aparatos, tan só tres na Base de Santiago, e polo número de incendios que pode atender nun día, un promedio de tres. Se se dá o caso, como ocorreu neste ano, de contabilizar 150 incendios nun só día, necesitaríanse 50 avións para atendelos, e iso é totalmente imposible. O custo de hora de voo do avión ven sendo de 150.000 pesetas, polo que resulta un medio caro.

A xente pensa equivocadamente que os medios aéreos son a panacea e isto

A utilización do medio aéreo nas tarefas de extinción de incendios comezou hai 50 anos.

non é verdade. Os avións só están para casos graves, e sobre todo para levar auga alí onde é imposible levala por outros medios. Logo de actuar o avión, se non hai equipos de terra que rematen o labor, o seu traballo resulta inútil.

— ¿Cales son os principais riscos que corren os pilotos e os aparatos na extinción dos incendios?

— Primeiramente hai que suliñar que non tódolos incendios son iguais á hora de atallalos. Hai incendios fáciles e incendios difíciles dependendo de se a auga está preto ou lonxe, se o incendio

As limitacións do medio aéreo veñen dadas polas horas de luz, o número de avións e o número de incendios diarios.

ten pouca ou moita maleza, etc. En principio, en Galicia os incendios non son moi grandes porque as fincas son pequenas, e nun terreo pequeno o lume non corre moito; sen embargo ten como contrapartida a abundancia de maleza que actúa como dinamita pura e necesítase moita auga para apagalos.

Respecto ás dificultades, existe certo risco sobre todo cando se dá unha pasada entre as árbores, pero é un risco calculado, pois pártese de que se coñece o aparato. En xeral, é máis fácil apagar piñeiros que eucaliptos porque estes son máis altos e, ás veces, pasamos rozando as copas. Polo demáis, os riscos non son só no lume, hai risco en tódolos momentos: ó despegue, ó meterse na auga, o saír da auga, etc.

— ¿Durante a pequena historia deste escuadrón, polo seu gran servicio e pola absoluta entrega dos seus compoñentes, fixéronselle numerosas homenaxes, ¿podería citarnos algunhas?

— Si, como non. Durante estes anos a Unidade foi recompensada con 64 cruces do Mérito Aeronáutico, 3 mencións Honofricas, 61 encomendas do Mérito Agrícola, Primeira Placa de Ouro ó Mérito Agrícola, Placa de prata de Fomento ó Turismo de Palma de Mallorca, Placa de Prata da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes, Placa de Prata da Xunta de Galicia, Oscar de Ouro da Comunicación á mellor defensa da Natureza, así como un gran número de felicitacións de Organismos oficiais e particulares.

— Moitas grazas polas súas respostas.

— De nada, a vostedes.

O lugar de LAMIÑO (I)



O lugar de Lamiño, na parroquia de Brión, está xunguido ás primeiras testemuñas escritas que se conservan do noso Concello e que o vinculan desde o comezo do século XIII, á nobre e trovadoresca familia dos MARIÑO.

*“Santa Minia de Brión
sentada na súa silla
mirando para Lamiño
que lle parece unha vila”.*

(Cantigueiro popular)



pé dun castro prerromano —estudiado por don Fermín Bouza Brey— acouga o lugar brionés Lamiño. Un pequeno rueiro de nobre enxebreza.

Se a toponimia, como o croquis do insigne erudito galego, indican o antigo poboamento prehistórico de Lamiño, a referencia documental fálanos dos seus posuidores medievais: a linaxuda familia dos MARIÑO, cun amplo señorío na Terra de Amaía. Descendentes —din os xenealoxistas— dos famosos TRABA, a caste representativa da nosa política nos séculos centrais do medioevo.

En 1220, acollido ó retiro claustral de San Lourenzo de Trasouto, nas aforas de Santiago, facía testamento don Xoán Fróilaz MARIÑO. Este nobre cabaleiro manda que o bispo fundador de Trasouto D. Martiño teña en prenda a súa casa de LAMIÑO na freguesía de San Fins de Brión, con outros bens, polos mil soldos que éste lle procurara por mor do seu fillo Paio Yañez.

Como se deduce do seu testamen-

to, os seus fillos eran: Pedro, Martiño, Paio, Osorio, Gonzalo, Sancha e Marina; soando varios entre o “coro délfico” de Cancioneiros.

Pedro Eans MARIÑO, a quen se atribúe a cantiga 523 da “Vaticana”.

Martiño Eans MARIÑO, autor das trobas 1154 e 1155 do mesmo cancionero.

Osorio Eans MARIÑO, coengo de Santiago; estivo en París cun tal Domingo Fernández, a quen lle deixa unha manda no seu testamento, outorgado en 1236. É un dos trovadores do Cancioneiro Colicci Brancuti.

Gonzalo Eans MARIÑO, que lle sucedeu no señorío de Lamiño, non aparece entre os nomes daquel florecente movemento poético trovadoresco santiagués, pero sí a súa sogra, D.^a Teresa López, dama pretendida polo maior dos irmáns. Fixo testamento o 1^o de marzo de 1243 dotando á súa dona, Teresa Fernández, con “doce casales en LAMIÑO e Urdilde”.

No século XIV únese a este apelido o de LOBEIRA: os Mariño de Lobeira, que cofecen o momento álxido do seu esplendor medieval no pontificado de Berenguel de Landoira, nomeando a Raúl Soga Mariño de Lobeira Pertigueiro Maior de Santiago e o primeiro dos seus cabaleiros. A

postura hostil ó monarca reinante levaríao á cadea e á pena capital diante dos muros de Tapal en Noia entre 1378 e 1383. O seu testamento atópase no Tumbo de Toxosoutos.

Vasco de Aponte sitúa a partir de entón un abaixamento da casa, que sen embargo non tardaría en rexurdir. O arcebispo don Rodrigo de Moscoso nun escrito de emprazamento, convocando a tódolos cabaleiros e escudeiros, que tiña terras da Igrexa de Santiago, chama tamén ós “que usan e levan as rendas da terra da Meyya (Amaía) que foi de RUY GONZALVEZ MARIÑO”. O que parece aludir a este momentáneo declive.

O 14 de Maio de 1388 Gonzalo Mariño da Amaía fai a escritura de venda destes bens, declarando que lle pertencían a el e a seu irmán Pedro Mariño, por herencia dos seus pais, Ruy González da Amaía e a súa muller D.^a María, e que os transmitía gravados coa obriga de non edificar torre nin casa forte na Amaía, a non ser co consentimento do arcebispo de Santiago, titular de todo o señorío; pasando por esta venda a dominio dos DO CAMPO. Posteriormente por testamento de Bernal Eans do Campo a seu sobriño Ruy SANCHEZ DE MOSCOSO, bisavó do primeiro conde de Altamira.

• Benito Salvado Martínez

EMIGRACION: O retorno



Se nun tempo a emigración supuxo a sangría da nosa xente que fuxía das pobres condicións económicas de Galicia, agora mesmo, o retorno de moitos emigrantes supón igualmente para eles unha volta a empezar con novos problemas de adaptación.

E un feito que unha gran parte da xente que emigrou a América está volvendo. As condicións dos países americanos son cada vez peores, e isto preocupa, pois moita xente do noso Concello fixo a súa vida neses países, e quen máis quen menos ten algún vínculo con América por teren alá parentes.

Estamos constatando que cada vez volve máis xente e queriamos saber por qué. Da emigración en sí xa se falou moito, todos sabemos por qué foi motivada e que consecuencias produciu, anque quizais non se estudiou coa debida profundidade, pero o fenómeno éste do regreso é novo. Moitos paisanos, veciños, familiares... xente achegada a nós, marcharon da súa terra xa hai tempo, polo xeral a súa motivación era económica. O seu papel, máis que de emigrantes era de colonos. Alá se estableceron, e ese país foi a súa segunda patria e alá formaron o seu fogar, —a maioría teñen fillos nados alá—. O certo é que a maior parte dos emigrados a América —anque recordasen a súa terra e viñesen aquí de vacacións— volvían de novo ó seu segundo país onde tiñan xa raíces, e non pensaban en establecerse en Galicia nin remotamente. Por iso o fenómeno do regreso é novo. ¿Que pasou para que se produza este

cambio? A economía dos países da América Latina foise a pique e a súa moeda devaluouse cada vez máis, todos teñen unha enorme débeda externa que non poden pagar. O noso país, pola contra, parece que comeza a saír da crise. Visto desde fóra ofrece boas posibilidades e ocupa un posto digno entre os países desenrolados; pero non podemos olvidar que estamos collendo o tren de Europa pola cola, que aínda nos queda moito por facer para equipararnos ós demais países europeos, que temos a porcentaxe de desemprego máis alto (sobre o 20%) en comparación con Francia por exemplo que ten un 10%; pero aínda así ofrece garantías de estabilidade.

Como queriamos coñecer-lo problema de primeira man, reunímonos con un grupo de amigos e veciños que viviron de cerca o auxe deses países e máis tarde o seu deterioro económico, para que nos contaran as súas experiencias, empezando cos motivos polos que se foron e tamén polos que voltaron, como encontraron isto, que sentiron ó marchar, que vínculos deixaron alá, etc.

Non podíamos deixar de ter en conta tamén a emigración de Europa aínda que esta é moi diferente —dun xeito temporal—, pero que é tan habitual hoxe en día entre nós. En

Europa a xente non se integra como se facía en América, simplemente adicase a aforrar uns cartos para voltar a Galicia e instalarse aquí. Non é este o caso de José Manuel Patiño Montaña que estivo en Holanda 23 anos perfectamente integrado naquela sociedade pero que ó fin tamén volveu. El cóntanos as súas experiencias.

José Manuel marchou para Holanda cando tiña 13 anos. Seu pai tiña ido un ano antes e quixo levar con el á familia. El non é que tivera moitas gañas naquel momento, pero tiña que ir. Como foi de neno, seguiu indo á escola alá en Amsterdam. Non tivo moitos problemas co idioma, empezou a estudar holandés con bastante facilidade; xa se sabe que os nenos axiña se entenden entre eles independentemente do idioma que falen, e o feito de marchar de neno foi unha avantaxe para el. Cóntanos un dos seus primeiros recordos de cando chegou: foi ós dous días de estar alá, el baixou á rúa a xogar con un balón e deseguida se lle arrimou un rapaz, por señas entendeu que este rapaz xogaba ó fútbol nun equipo; un sábado pola mañá foino buscar e entre o que entendía por señas e o que lle axudaba seu pai que falaba un pouquiño de holandés, deuse conta de que quería fichalo no seu equipo e alá se foi sen pensalo dúas veces a xogar ó fútbol con unha chea de nenos holandeses; desta maneira deixou de botar de menos moi pronto ós seus amigos de Bastavales.

A adaptación para un neno —cóntanos Xosé Manuel— é doada de conseguir, pero este non é un caso corrente. Normalmente os galegos forman un núcleo aparte sempre unidos no Centro Galego e con apenas contactos coa xente do país, como se vai para aforrar todo o posible xúntanse entre eles e van ó campo, de excursión, etc. e así no se consegue vencer a barreira máis dura que é a do idioma, moitos nin siquiera o aprenden despois de pasar alá moitos anos, e outros anque cheguen a fala-lo non o dominan”.

José Manuel Patiño estudou mecánica ata os dezaseis anos na escola de oficios, en Amsterdam, e deseguida empezou a traballar porque había xornada intensiva de oito da mañá a catro e media da tarde; desta maneira despois de traballar quedaba moito tempo libre para estudar ata as dez da noite. A empresa pagaba os estudos e daba días libres para os exames. Fundou familia alá con unha holandesa e os dous fillos que teñen naceron en Holanda.

“Os motivos da volta —explica— foron a gran contaminación que existe

en Amsterdam; ultimamente tampouco se podía saír de noite. Como tiñan estado xa aquí uns cantos anos de vacacións, a súa muller coñecía ben Galicia e gustáballe isto. Ela foi a que puxo máis interese en instalarse aquí. Polo momento non están arrepentidos de volver, e os nenos, de oito e tres anos, están perfectamente adaptados.

En canto á discriminación, di que tivo sorte porque se meteu no medio deles e non se sentiu discriminado. Sen embargo, é certo que existe realmente; esa sensación tivoa máis ben cando voltou a Galicia, discriminación

por parte dos compañeiros e amigos que tiña antes, sentiu a necesidade de ir abrindo camiño pouco a pouco, un certo desarraigo, como volver a ser emigrante na propia terra. A súa muller, pola contra, sentiuse ben desde o primeiro momento; empezou a relacionarse cos veciños sen dificultades, pois fala galego.

Nota diferencias entre a xente de aquí e a de alá. En civismo, sobre todo, di que os de alá son máis disciplinados, amables e puntuais. Cando chegou notábo moito, pero de todas maneiras Galicia está moi cambiada, hai máis

civismo entre a xente e mellor nivel de vida, a pesares do que queda por facer

Contounos tamén en plan anecdótico, algunhas cousas salientables da vida dos españois en Europa, por exemplo, que agora non hai tanta discriminación respecto a nós como antes. O galego é serio, traballa e non se fai notar, por iso é máis respetado que a xente do Sur, andaluces sobre todo, que son máis bullangueiros; el oía, ás veces, comentarios de desprecio e iso doe, pero agora está moito mellor a situación. Actualmente os máis discriminados en Europa son os turcos e os marroquinos.



A "gran Arxentina" dos anos corenta e cincuenta que alimentou a Europa nos duros anos da postguerra Mundial, atraxeu a moitos emigrantes galegos que conquistaron labrar moitos deles importantes fortunas. A descomposición social dese gran país irmán arrastrouno á total ruína económica que supón unha gran preocupación para moitos dos nosos emigrantes.

Venancio Rey López ten setenta anos moi ben levados; emigrou a Arxentina no ano 46, en plena postguerra. Como é sabido de todos, as circunstancias aquí eran moi malas, pasábase fame. Comprendía que tiña que encontrar outra forma mellor de vida. Cando se casou deuse conta que aquí non tiña futuro para el ni para a súa familia, así que intentou buscar outro horizonte mellor e encontrouno na "gran Arxentina", como el mesmo di e, ó dicilo, nótaselle un gran cariño e respecto polo seu país de adopción, pero quere deixar moi claro que nunca esqueceu nin esquece Galicia. Considera que lle debe moito a Arxentina pero que aquel país tamén lle debe a el, pois traballou moito e moi duro para abrirse camiño. Fixo todo tipo de traballos: panadeiro, pizzeiro, confiteiro, tivo estación de servizo propia durante 23 anos, tamén, como non, meteuse no negocio da hostelería. Está satisfeito, eran bos anos: naqueles

tempos Arxentina alimentaba a media Europa morta de fame pola guerra, estaba entre as catro nacións máis ricas do mundo.

Lembra que cando chegou a aquel país tiña 26 anos e o que máis botaba de menos eran as amistades que deixara aquí, alí tivo que cambiar de vida, adicarse a traballar un pouco máis forte; hai moita unión entre os galegos, ningunha dificultade para integrarse, os galegos eran ben recibidos e aceptados pero, aínda así, os primeiros tempos son duros, todo o tivo que aprender alá, menos mal que as comidas, o clima, os horarios son semellantes.

Fixo varias viaxes a España en vacacións por temporadas bastate longas pero non pensa volver a vivir aquí permanentemente, síntese mellor alá.

Arxentina parécese a España, incluso parece que existe máis simpatía

mutua que con outros países hispanoamericanos. É doado arraigar alí. No tempo en que emigraron os galegos a ese país as condicións de Galicia eran tan malas que todo o que se ía melloraba por pouco que fose.

Dinos o Sr. Venancio que alí o obreiro sempre gañou moi pouco pero que non hai galego en Buenos Aires, alomenos do Concello de Brión e que él coñeza, que estea en mala situación económica, pois todos están asentados desde hai moito tempo e con negocios establecidos; que hoxe quizais se viva mellor, máis dignamente aquí, pero que el non quere volver, como tampouco a maioría, que sen esquecer Galicia, fixéronse arxentinos de corazón. Recoñece, sen embargo, que a situación actual do país é catastrófica, que velo como el o veu en pleno apoxeo e velo agora con esta crise económica que atravesamos, é tremendo, a débeda externa non se paga endexamais, o comercio está bloqueado, non teñen a quen venderlle a carne, o país en potencia é rico, hai tres vacas por cada arxentino e téñense que morrer de vellas, sobran toneladas de alimentos nos matadeiros frigoríficos e podrecen por non teren saída. Mentras tanto, a xente máis desfavorecida pasa fame, os precios dispáranse e non poden mercar artigos de primeira necesidade.

Aquelo non está nada ben, pero por sorte os galegos dalá teñen a súa vida feita e con un nivel de vida bo, pero non se pode saír porque é tremendamente caro, co que se gasta aquí nun mes mantéñense alá un ano; o cambio da moeda, que lles desfavorece, tamén é un impedimento importante para voltar.

A primeira vez que veu a Galicia, despois de 16 anos, deulle a impresión de que tiña mellorado bastante, pero nas sucesivas viaxes que fixo foi encontrando esto mellor, sobre todo nestes últimos cinco anos, máis servizos públicos, estradas, alumado, teléfono, vivendas máis confortables, cre que o nivel de vida está bastante ben.

A festa dos vellos; un entrañable encontro

O primeiro domingo de setembro Brión púxose de festa para agasallar ás persoas da terceira idade nunha xornada que resultou espléndida.

A festa fora preparada con entusiasmo por medio cento de mozos e mozas que desinteresadamente puxeron o seu esforzo e a súa imaxinación para que os maiores disfrutaran.

Comezou ás doce da mañá cunha misa concelebrada polos tres curas que atenden as parroquias do Concello. Despois das baíllas da volta da misa da man dos rapaces da Escola de Gaitas e máis dun conxunto contratado ó efecto —concurso de baile incluído—, celebrouse o xantar na carballeira con máis de cincocentos comensais, servido por unha pulpería da Ulla.

Ben comidos e algúns ben bebidos saltaron espontáneas as cántigas, as pandeiratas e os rexoubos.

Desde as catro da tarde, con diñeiro acruñado para o caso, quen quixo —quixeron cáseque todos— poido parti-



A carballeira de Santa Minia serviu de escenario para a xuntanza dos nosos vellos nunha entrañable celebración que lles ofrece o Concello como recoñecemento e atención a este sector da poboación que na maioría dos casos xa cumpriu co seu traballo na vida e, agora, merece un recoñecemento.

cipar nas once casetas de atraccións abertas na carballeira: pesca milagrosa, roda da fortuna, carrilana, salón de tiro, lata latosa, carreiras de camelos, coelliño da sorte... Non faltaron actividades que obrigaban a exercitala agudeza mental como concursos de refráns e sobre personaxes e acontecementos da nosa historia local.

Colas, pelexas por "tótame a min primeiro", "os meus 'pedrouzos' pagan coma os de calquera"... crearon o animado barullo das mellores festas. De contado apareceron verdadeiros especialistas en turrar polos cordellos guiando o balón da "carrilana", magníficos tiradores que aínda non pederan as mañás desde o fronte

de Teruel (só que esta "guerra" tiña máis sentido do que aquela), ou empedernidos xogantíns que se arruinaron perseguindo unha sorte que o coello non lles quixo dar.

Ás cinco dou comezo a regueifa: tres cantadores da mellor escola de Bergantiños (Calviño, José Antonio e Guillermo) trouxeron as lembranzas dunha tradición xa case esquecida e que nas terras de Pondal perdurou de milagre.

Cando xa a festa debalaba (as casetas de atraccións tiveran que fechar porque a tenda que repartía os premios acababa de dar en quebra), aínda quedaban folgos para que os máis festeiros de outros tempos se animaran a participaren no concurso de pandereiteiros.

Como etaba programado, actuou a orquesta para a berbena, pero o día non daba para máis e os azos tampouco. Así que, como non podía ser menos nunha festa que se precie, púxoselle candeas ó monumental globo de 6 metros de alto confeccionado especialmente para o acontecemento... estivo un se vou non vou e, ó final, unha aireada arrastrouno camiño de Bastavales. A festa estaba rematada.

Santa Minia-89

Un ano máis, lembramos en Altamira as pasadas festas de Santa Minia, facendo un pequeno reconto do que foi a festa, cos seus diversos actos festivos, litúrxicos e deportivos, deixando ó lector a parte comparativa, xa que desde hai uns anos, vense poñendo nos anuncios da festa, carteis, iluminación e incluso na fachada dos fogos o ano correspondente.

Os actos en honor de Santa Minia comezaron uns días antes co comezo da novena, que revestiu gran solemnidade e afluencia de devotos, rematando o día 27 coa celebración da festividade da Santa, que, como xa é normal, asistiu un gran número de romeiros e devotos, sendo ésta cada ano máis numerosa, sen lugar a dúbida. É sentimento dos veciños de Brión darlle remate axeitado á capela de Santa Minia,

hoxe inacabada, polo que veñen traballando con interese algúns veciños.

Comezou a festa oito días antes, coa celebración co I Encontro de Teatro Afeccionado, con intervención de cinco grupos teatrais que puxeron en escea pezas interesantes, algunhas delas altamente representativas do que foi a nosa terra anos atrás.

Outra das partes impor-

tantes foi a deportiva, coa celebración da 7.ª Carreira Popular da Amaía, que se celebrou o domingo anterior ó día 27. Participaron grande cantidade de "atletas" e revestiu unha gran vistosidade, aínda que xa non é a primeira vez que lle facemos notar ós organizadores que á carreira dos pequenos haberíalle que prestar máis atención, debido ó interese que os pequenos poñen na mesma e recoñecérllelo de algunha maneira.

Outro importante acto festivo-deportivo foi a xa tradicional Carreira de Cabalos, que é algo máis que carreira, xa que as probas son varias, como arrastre, doma e carreiras propiamente ditas; aínda que este ano houbo novidades importantes, co-


mo foi o concurso de saltos, que, aínda que se fixo de maneira experimental, saíu moi ben; para outro ano, xa se fará mellor. Dende aquí vaia o noso agradecemento para Santos, Manolo, Andrés... e tantos outros que prestaron a súa axuda para que isto se celebre ano tras ano.

E ven, por fin, a parte musical, que este ano foi amenizada por tres sonadas orquestras e maila banda municipal de Sarria, ademais de grupos de gaiteiros. Asimismo, vivimos unha deliciosa noite de fogos de artifício, na que os foguetes e lucerías do Sr. López foron verdadeiramente espectaculares e fixeron da víspera de Santa Minia unha noite máxica.



a fiestra

ANIMAIS DE FERMOZA PEL*



Pídenme que colabore nun libro titulado "As Carraxudas". Non me gusta ese título: aprobo a indignación que tantas ocasións ten, nos nosos tempos, para exercitarse, pero non podo decir que aprobo a carraxe, esa pequena irrupción individual que descalifica, afoga e cega. Tampouco me gusta o feito de que este libro sexa elaborado exclusivamente por escritoras. Non restablezamos os compartimentos para mulleres soas.

Sen embargo, se escribo istas liñas é porque penso, con razón ou sen ela, que un libro escrito por mulleres será lido por mulleres e é a elas, sobre todo, a quen vai dirixida esta protesta. Cando algunha vez — na sala de espera dun dentista ou dun médico— ocrreseme ollar unha revista de modas feminina, sobre todo esas de luxo e en papel satinado, paso rapidamente, procuro non velas, como se tales foran fotografías pornográficas, uns anuncios que ocupan toda a páxina e nos que se derrocharon tódalas seduccions do technicolor. Son uns anuncios onde se galloufean individuos femininos envoltos en suntuosos abrigos de peles. Estas mozas a quen calqueira ollo capaz de ver por detrás das cousas vería vertendo sangue, envólvense nos esbullos dunhas criaturas que respiraron, comeron e durmiron, que buscaron unha parella para os seus xogos amorosos, que amaron ás súas crías, as veces ata o punto de deixarse matar para defendelas e que morreron con dor, como o faremos todos, pero a súa morte darémoslla nós con salvaxismo.

Aínda peor, moitas desas peles proceden de animais cuia raza, que desde hai miles de anos vivía antes ca nosa, vai apagarse e desaparecer se non lle poñemos remedio, antes de que esas lindas mulleres que as lucen teñan chegado á idade das enrugadas.

Antes de que pase unha xeneración, a materia prima deses obxectos de alta clase, como se di pero como non habería que dicilo, será non só imposible de atopar senón que xa non existirá. A todos os que damos o noso esforzo e o noso diñeiro (aínda que nunca moito das dúas cousas) para tratar de salvar a diversidade e a beleza do mundo esas

matanzas repúgnanos. Máis non esquezno que esas mozas das revistas son modelos: engalánanse con esas "cabeleiras arrincadas" porque é o seu oficio, o mesmo que fan con un sostén ou con unhas bragas miudas chamadas, na honra dunha explosión atómica (outra curiosa asociación de ideas...) un bikini (*). Esas inocentes cumpren un servicio "mandado" (aínda que desexarian que aqueles abrigos lles pertenceran), pero seguen representando a todo un pobo de mulleres: as que comen cos ollos esas imaxes soñando cun luxo que para elas é inalcanzable e as que posúen esa clase de esbullos e os amosan como unha mostra da súa fortuna ou do seu rango social, do seu éxito sexual ou profesional, ou como un accesorio que teñen en conta para embebecerse ou seducir.

En fin, quitemos a esas damas os seus últimos trapos de disculpa. Nos nosos tempos e aínda que xa non vivan en París senón no Polo Norte, non necesitan esas peles para quenta-la súa. Existen moi boas lás, moi boas fibras e moi boas prendas que botan calos para non estar obrigadas a transformarse en "animais de fermosa pel", como seguramente lles ocurría ás mulleres da prehistoria.

Pero estou atacando únicamente ás mulleres: os trampeiros son homes; os cazadores son homes e os peleteiros tamén. O home entra orgulloso nun restaurante cunha muller envolta na fermosa pel dun animal, é eminentemente un home, aínda que non necesariamente un "homo sapiens". En ese campo, como en tantos outros, os sexos atópanse en perfecta igualdade.

* Do libro "El tiempo, gran escultor", de Margárite Yourcenar

(*) Nas illas Bikini, situadas no Océano Pacífico, o exército dos Estados Unidos fixo estalar a ceo aberto varias bombas atómicas xa rematada a 2.ª Guerra Mundial para estudar os efectos que producían. Como consecuencia destas probas a poboación orixinaria destas illas foi evacuada e xa non puido volver pola existencia de contaminación radioactiva. Moitos dos soldados e técnicos que participaron nos experimentos morreron máis tarde de diversos tipos de cancro causados pola radiación á que estiveron sometidos. Oficialmente a súa morte foi "por causas naturais". ¿Por que se lles chamará "bikinis" ós traxes de baño das mulleres?...



arredor

Oficios artesanais: "O ferreiro"

• Delia Tojo Suárez

Chámase Cecilio Capeáns Arufe e naceu en S. Xoán de Ortoño no veciño Concello de Ames fai agora 74 anos.



Este home cando non era máis que un mozo de 18 anos decidiu que quería aprender un oficio, que non quería adicarse só a traballa-la terra. E así foi como comezou a traballar en Bertamiráns no taller de Vicente Villaverde. Alí xunto con outro aprendiz pasou tres anos, ata que xa co oficio máis ou menos adprendido decide traballar pola súa conta e monta un taller na aldea de Castrigo, no que estivo traballando ata que ós 28 anos casa e vense a vivir ca súa muller á pequena aldea de Aguiar, lugar no que naceron os



seus fillos, e el monta o seu pequeno taller. Un taller no que solía crabulla-la ferramenta dos labregos, foiceiros, machadas, ou repara-las potas, coitelos e todo aquilo que sendo de ferro tiña amaño.

Tiña e ten Cecilio no seu taller unha especie de forno chamado entre os ferreiros a **parrumeira**, onde facía o lume que avivaba co **barquín** (fuelle) pra poder quenta-lo ferro e logo darlle forma a forza de martelazos sobre o iunque.

Hoxe xa non hai lume na parrumeira, e o barquín está alí só como recordo doutra época de traballo, xa que ningún dos seus fillos segue ca tradición que escomenzara Cecilio alá polo 1933. E agora xa retirado este vello ferreiro adícase a coidar dos netos na espera de que algún deles decida ser ferreiro como seu avó, aínda que coma el ben di: "pra iso aínda hai moito que facer".



Ferramentas de ferreiro: 1, 2 e 4, *tanuzas*. 3, *tanuzas de corte*. 5, *tanuzas de volta*. 6, *aticador*. 7, *tanuzas do lince*. 8, *esteaxador*. 9, 10 e 11, *martelo*. 12, *sufriadeira*. 13, *tufo*. 14, *tranzafrio*. 15, *tufo*. 16 e 17, *talileiras*. 18, *punzón*. 19 e 20, *limas*. 21 e 22, *talleiras*.



de nos

ollo que queima

“Incendios forestais: terrorismo ecolóxico”

• Xosé Ferrero González



Centos de hectáreas arrasadas polo lume ofrecen o aspecto da terra calcinada, convertindo en eiral o que antes era unha Galiza Verde.

Incendios intencionados, por descuidos ou fortuitos ofrecen o panorama devastador dun solo sen vida, unha riqueza abrasada, cuxa reconstrución require un enorme esforzo humano e económico para deixar ás xeneracións futuras o ambiente dunha terra de esperanza.

O sucedido este ano na maior parte dos Concellos de Galicia non merece máis cun calificativo: **TERRORISMO ECOLOXICO**. Se se tivesen tomado as debidas medidas de prevención (vixilancia, limpeza de camiños, apertura de cortalumes, puntos de auga, etc) isto non tería sucedido en tal medida.

GDENADE súmase a outros grupos defensores da natureza, para pedi-lo nomeamento dun Fiscal especial que se encargue de acusar ós pirómanos e de investiga-los motivos que levan a estos a causa-la destrución dun ecosistema natural.

A ley 81/968 de 5 de decembro e o seu regulamento regulan todo o concerniente a incendios forestais. Nela destacanse tres puntos: **PREVENCIÓN, EXTINCIÓN E RECONSTRUCCIÓN DE ÁREAS AFECTADAS POLOS INCENDIOS**.

En canto á prevención de incendios e ó que menos

capital e interés se lle adica por parte de tódalas Administracións (Central, Local e Autonómica) sendo sen embargo dos tres puntos o máis importante.

Tampouco se lle adica moito esforzo ás Medidas Restauradoras da riqueza forestal. Quedando desta forma os bosques, despois dun incendio abandonados á súa sorte, a mans dos Rematantes de Madeira, producíndose conseguintemente cortas a feito que en ningún caso deberan existir.

O Regulamento de Montes, en canto a medidas reestructivas se refire dispón que en tódolos montes afectados polos incendios, calquera que sexa a súa propiedade se leve a cabo:

1º) A Regulación dos aproveitamentos, para logra-las restauracións das zonas afectadas.

2º) A Aplicación na súa totalidade e parcialmente do importe dos produtos afectados susceptibles do aproveitamento, a reconstrución da propia zona afectada. Medidas que na realidade non se levan a cabo.


GDENADE pide que o proverbio “máis vale prevenir que curar” debe ser aplicado en toda-la súa extensión en defensa dos montes. Actuando sobor de todo nas medidas preventivas, coa finalidade de que non se produza o incendio. Así como unha maior participación de todo-los cidadáns na extinción do lume.

encontros con animais

O ferreirolo (Parus major)




SUBVENCIONADA POLA
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO
TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS
Dirección Xeral de Ordenación Territorial e
Calidade Ambiental



Importancia insustituíble do ferreirolo:

A natureza está rexida por un ciclo de presa-depredador, chamado cadea trófica, pola cal hai unha estabilidade entre as especies. Esta cadea está dividida en varias etapas onde se encontran as distintas especies; se algunha destas etapas desaparece prodúcese un desequilibrio na cadea producíndose as epidemias. Pois, o ferreirolo forma parte desta cadea xa que é o encargado de limpa-las árbores comendo os seus parásitos, eses parásitos, que sen a presenza do ferreirolo e doutros animais como él, terían acabado con moitas especies arbóreas como é o carballo (árbore autóctono) que durante todo o ano é atacado por numerosos parásitos.



Este paxaro de tamaño dun gorrión pertence á familia párida, na que destaca por ser o de maior tamaño, o máis frecuente e o de canto máis variado. Caracterízase por ter a cabeza e o pescozo negros e as meixelas brancas, o peito e o ventre son de color amarelo cunha franxa negra vertical ó longo do centro, sendo esta última característica o mellor rasgo para podelo distinguir no campo, o lombo é dun color gris azulado.

O seu hábitat comprende tódalas partes onde se encontren árbores, tanto en bosques, parques ou xardíns.

En canto ó aninamento o ferreirolo non ten un niño modelo a seguir xa que aniña igual nas árbores como nos buratos das paredes, en tuberías de desaugue ou en caixas niño. No niño pon de 8 a 12 ovos que choquea a femia durante 14 días e as crías despois dun período de 20 días xa voan.


O ferreirolo de forma acrobática pode pendurarse nas ramiñas máis pequenas e máis extremas da árbore podendo comer tamén os parásitos que se encontran nesas extremidades.

Ademáis de insectos aliméntase de froitas, sementes e caracoles.

Coñécese tamén co nome de Maceiro, carboeiro, capiño, ferreiro abelleiro.

“Entre as follas dun loureiro
está o ferreiro a cantar,
¿Que lles dirá ás mociñas
que andan a reloucar?”

(C. Pedreira)



As novas ordenanzas fiscais

Non cabe dúbida de que toda mellora dos Servicios Públicos supoñen un gasto económico que, forzosamente, sae dos bolsillos dos cidadáns. Nembargantes, non tódolos Concellos teñen unha capacidade recaudatoria de tributos fiscais que lle permitan afrontar a crecente demanda de Servicios e o aumento da calidade

No vindeiro ano 1990 os concellos estrearán novo sistema impositivo como consecuencia da aplicación da nova Lei de Facendas Locais.

En liñas xerais, os cidadáns pagarémolle ós concellos por menos cousas, pero pagaremos máis.

A Lei de Facendas Locais, publicada en decembro de 1988, establece o criterio de que os concellos recaden o que han gastar, é dicir, que se autofinancien; e sobre todo, que cada servizo que presten sexa pagado polos que se benefician directamente del. Malia que este criterio introduce un elemento de inxusticia distributiva, primando ós grandes municipios con florecente actividade económica en detrimento dos pequenos: un concello rural e sen apenas industria como o de Brión, por moito que premanos contribuíntes, pouco é o que pode recadar: así, os servizos que estes municipios poidan ofrecer sempre serán inferiores ós ofrecidos polos que dispoñen de maiores recursos.

AS NOVAS ORDENANZAS FISCAIS DE BRIÓN

Parándonos no sistema impositivo do noso concello de Brión, éste aprobou as novas ordenanzas fiscais en sesión celebrada o 10 de outubro e que son as seguintes, clasificados en impostos, taxas, precios públicos e contribucións especiais:

1. IMPOSTOS

Imposto sobre bens inmóviles, que substitúe á contribución rústica e urbana. Mentras non se faga a revisión dos respectivos catastros (terán que estar

dos mesmos. Os pequenos Concellos galegos, cunha base económica fundamentalmente agrícola, como é o Brión, carecerán sempre, se non se arbitran medidas, dunha escasa capacidade recaudatoria que limita notablemente a dotación adecuada de infraestructuras e Servizos.



revisados para 1992), a rústica non sobe nada e a urbana só un 7%, para xustificar dalgún xeito o non ter unha ordenanza específica para cobra-lo servizo de recolla de lixo. Unha vez revisado-os valores catastrais, o imposto pasará a sello mínimo que autoriza a Lei, é dicir, o 0,3% do valor catastral dos bens rústicos e o 0,4% dos urbanos. E aínda así, os tres primeiros anos de vixencia dos novos valores catastrais, a cuota reducirase á metade.

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Substitúe ó de Circulación de Vehículos. En Brión tamén queda no mínimo autorizado pola Lei; pero aínda así, sobe ó dobre do que se viña pagando.

Imposto sobre construcións, instalacións e obras. Substitúe ás taxas por licencias de obras. A Lei fixa a cuota mínima do 2% sobre o custo da obra para a que se concede a licenza, e así queda en Brión.

Imposto sobre actividades económicas, que substitúe á Licencia Fiscal de Actividades Empresariais e Comerciais, queda pendente da nova regulación polo Gober-

no e ata 1992 seguirá como estaba.

2. TAXAS

Brión só establece a taxa por Expedición de Documentos, que se aplicará en tres supostos concretos: licencias de apertura de establecementos, concesión de licencias de taxis e desafactación de camiños a instancia de parte. Desaparece o selo municipal que se lle pegaba a toda clase de instancias e certificados.

3. PRECIOS PUBLICOS

A Lei considera precios públicos as contraprestacións que lle pagan os particulares á Administración polos servizos prestados por ésta e que non sexan de recepción obrigatoria. En Brión impónense os seguintes:

Subministración de auga: para os usuarios do servizo municipal de augas e que na actualidade disfrutan os lugares de Pedrouzos, Brans de Abaixo, O Enxo, Lamiño, Liñares, Algueidón, O Tremo e Guitiande. As tarifas non varían respecto das existentes.

Ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública. Este precio público só lle afectará

a Fenosa pola ocupación dos terreos públicos cas súas liñas de conducción eléctrica. A tarifa, segundo especifica a Lei, será o 1,5% dos ingresos brutos que recade no termo municipal. Tamén a telefónica está suxeita a un canon anual que substitúe a tódolos tributos municipais que lle correspondería pagar.

Utilización de piscinas municipais. Nas tarifas deste precio público subirán soamente os pases de temporada que quedan a 2.000 pts. as persoas maiores e a 500 os nenos.

Servicio de escavadora. Sobe o precio por hora de traballo de 2000 a 3000 pesetas.

4. CONTRIBUCIONS ESPECIAIS.

Apróbase unha ordenanza xenérica para as contribucións que se lles poidan esixir ós beneficiarios nalgunhas obras extraordinarias que promova o Concello e que requiran financiación conxunta.

Ata 1992 seguirá cobrándose o Imposto sobre a Publicidade, que desaparecerá nese ano.

Brión viña tendo as cuotas máis baixas nos seus tributos e arbitrios; agora, en xeral, queda nos mínimos que permite a Lei. Así e todo, para os contribuíntes, a suba vai repercutir xa de inmediato especialmente no tocante ó Imposto de Vehículos e máis no de Construcións. Habrá que ver como queda o de Actividades Económicas despois do desenvolvemento regulamentario que lle dea o Goberno.

Cando se faga a revisión dos valores catastrais e o Imposto sobre Bens Inmóviles se comece a cobrar polas súas cuotas normais —sobre de todo no tocante ós bens urbanos—, a suba pode ser espectacular, non polo que vai subi-la cuota en si, senón porque moitas vivendas traían os valores catastrais sen actualizar desde hai moitos anos e, polo tanto, moi baixos.

Inaguración oficial do Colexio de Viceso

Co inicio do curso escolar 1989-90, comezaron as clases no Colexio Público de Esparís-Viceso para os 164 alumnos que, procedentes dos colexios públicos de Pedrouzos e Negreira e das escolas unitarias da zona, cursarán, a partires de agora, os seus estudos de E.X.B. no novo Colexio.

Destes 164 alumnos matriculados no Centro, 59 pertencen á parroquia da Luaña, 50 á de Viceso, 31 á de Cornanda e 24 á de Ons, todas elas na zona alta do Concello.

Nove unidades funcionan no Centro, das que unha é de preescolar, outra de educación especial e sete son de E.X.B., unha por cada nivel, excepto 1º e 2º que están xuntas nunha aula, ó ter un número bastante reducido de matrícula ámbolos dous niveis. Estes nove profesores, xunto co Director, completan a plantilla de profesorado, formado por 10

membros.

En relación co horario escolar, establécese unha variación, bastante frecuente ultimamente nos centros de E.X.B., que consiste en adiantalo media hora con respecto ó que ata agora tiñan os nenos nos seus respectivos centros de proce-

dencia. Este adianto no horario ven dado polo servizo de transporte, xa que un dos autobuses debe facer unha doblaxe co Colexio de Negreira. O transporte está cuberto por tres autobuses, dous de Modesto Riveiro e un de Autos López.



O pasado día 12 de novembro, coa presenza da maioría dos pais e das autoridades locais, foi inaugurado oficialmente o novo colexio de Brión, ubicado na parroquia de Viceso, e que conta con dez profesores titulares.

Rehabilitación do balneario do Tremo



O proxecto, promovido por unha sociedade recentemente constituída chamada "Amaía, Sociedade Anónima", contempla a construción dun soberbio complexo turístico con un presuposto que supera os mil millóns de pesetas e inclúe hotel-balneario para 60 camas rodeado de 120 apart-hotéis cas correspondentes instalacións deportivas e servizos.

A sociedade promotora ven de formaliza-lo convenio urbanístico co Concello de

Brión para acomete-la obra. A cambio das correspondentes autorizacións administra-

tivas, a sociedade comprométese a cederlle ó Concello unha porción de terreo no medio da finca do balneario cunha superficie de 3000 m², totalmente urbanizada e axardinada, que quedará como parque público. Asegúrase tamén a utilización pública gratuita das augas de beber e mailo tratamento médico de baño dos pobres da beneficencia deste Concello.

O Concello recibirá, asimesmo, da empresa cinco millóns de pts. para urbanización da praza do Tremo e outros dous millóns para acondiciona-lo campo da feira. Financiará, ademais, obras municipais por valor de quince millóns de pts., independentemente do pago dos impostos correspondente por concesión de licenzas de obras. Tamén será de conta

Os dous primeiros cobren o servizo das parroquias de Luaña e Cornanda: un microbús transporta ós nenos de Vilariño, Presa e Busto de Frades, e un autobús fai o servizo para a Luaña e o resto de Cornanda.

O outro coche fai o servizo de Ons e Viceso. Os dous últimos coches veñen facendo o mesmo recorrido que facían antes para os colexios de Pedrouzos e Negreira, respectivamente. Engadeuse o microbús para transportar ós nenos daquelas aldeas que, por distancia ó Centro e máis polas condicións do terreo por onde teñen que circular, necesitan un servizo máis rápido para teren máis tempo para comer nas súas casas, xa que, aínda que o centro foi dotado con local de comedor, nunca estivo previsto que funcionase como tal.

É de esperar que a posta en funcionamento deste Centro, co que se pretende achegar máis ós nenos ás súas casas e cun ensino menos masificado, se cumpran os obxectivos para os que foi deseñado este tipo de colexios máis pequenos.

dos promotores o pagamento dos honorarios da redacción do plan especial que posibilite a urbanización da finca, e as obras teranse que suxeitar integramente ás normas urbanísticas do Concello.

Como se sabe, as augas do balneario son sulfurosas, con outros compoñentes variados que lle dan personalidade específica como son: cloruro sódico, fluoruro sódico, sulfato sódico, cloruro potásico, carbonato sódico, silicato sódico, etc. Tradicionalmente, recoñécenselle efectos curativos na pel, (psoriase, pelagra...), aparato respiratorio (asma, catarros reveldes...), reumatismos, enfermidades da muller (merite, exudados inflamatorios, fluxos...), aparato dixestivo, fígado, vías biliares, etc.

A fonte, que se ve nacer dentro do mesmo balneario, ten un caudal de 1.440 litros por hora.

Actividades Culturais

Campaña de información e asesoramento de bolsas pró curso 89-90

O Animador de Grupo do Concello de Brión e o Equipo de Intervención Socio-Educativa desenvolveron dentro do Plan de Animación Socio-Cultural do Concello de Brión, unha campaña de información e asesoramento sobre a convocatoria de becas que realizou o Ministerio de Educación para o presente curso académico 1989-90.

Buscábase proporcionarlle información a tódolos veciños do Concello sobre a convocatoria de becas e cumprimentar, no caso de que fose necesario, os impresos de solicitude, así como asesorar sobre os certificados requeridos.

Para conquistar isto, funcionou unha unidade de

Información e Asesoramento de luns a venres e de 11 a 2 da tarde na Casa de Cultura durante os meses de Xullo, Agosto, Setembro e Outubro, prá atención ó público.

Esta Unidade chegou a presta-los seus servicios a 29 estudantes de diferentes niveis. Mais, debemos sulñiar que tanto o Pre-escolar en centros públicos, coma o Ensino Xeral Básico, quedaban ó marxe da convocatoria do Ministerio, polo que un grupo dos usuarios non poido ver rematada a súa xestión.

Nota: Todos/as aqueles/as solicitantes que reciban, tanto unha resposta negativa de concesión de beca coma unha solicitude de documentación ou de aclaracións, poden consultalo na Casa da Cultura a partires das 12 da mañá.

Relevo da nosa asistente Social

Nos mediados do pasado mes de outubro deixou de presta-los seus servicios neste Concello a asistente social responsable dos Servizos Sociais Comunitarios Carme de la Sierra Vázquez.

Hai seis anos que se puxo en funcionamento este Servicio na nosa comarca e desde o primeiro foi ela quen os viña atendendo. Comezara repartindo o seu tempo un día por semana entre os concellos de Santa Comba, A Baña, Negreira, Ames e Brión. Posteriormente, Santa Comba contratou asistente social pola súa conta e, hai uns meses, Negreira e A Baña fixeron outro tanto, quedando tan só Ames e Brión cunha asistente social compartida.

Isto dá idea do crecemento da demanda experimentado polo Servicio nestes poucos anos que leva funcionando.

Carme de la Sierra mu-

do para Santiago contratada pola Consellería de Traballo e Benestar Social, en busca dunha mellora profesional lexítima, mais deixou o remol da súa competencia e da súa boa disposición.

Para substituíla, convocouse unha oposición que se celebrou o pasado día 13 de novembro. De corenta opositores, saíu elixida Victoria Varela Rodríguez, veciña de Vidán, que tomará posesión de contado. Non é moi coñecida entre nós, mais as referencias que dela van chegando son boas: trae un curriculum ben surtido de traballo en centros de terceira idade, de boa preparación profesional e de traballos no eido da animación cultural.

Agardamos que a súa dedicación ó traballo e a vantaxe de non ter que atender máis que a dous concellos lle permitan optimiza-lo funcionamento dos Servizos Sociais Comunitarios.

Cinema polo Nadal

O Grupo Ecoloxista de Defensa da Natureza "Denociña", composto por xóvenes do Concello, está a face-la programación do III Ciclo de Cinema para as vacacións de Nadal.

Proxectaránse películas en pantalla grandes polas parroquias de Luaña, Ons, Os Anxeles e Brión.

Obradoiro de Natureza

Esta actividade comezou o 5 de Novembro e continuará durante os meses de Novembro e Decembro tódolos domingos pola tarde.

Dirixido a 30 xóvenes do Concello e no que se tratarán temas como: a flora e os bosques do Concello, a fauna salvaxe, os problemas do medio ambiente, o patrimonio cultural... Todo eló acompañarase coa realización de saídas e excursións por diferentes zonas; entre as excursións previstas figura a

do percorrido pola península do Barbanza no mes de Decembro. Esta excursión farase conxuntamente con 30 xóvenes do Concello de Negreira.

Escola de Teatro

O Sábado 11 de Novembro comezará a funciona-la Escola de Teatro a cargo dun animador teatral, co fin de preparar un espectáculo de animación para a cabalgada de reis e traballar na montaxe dunha peza teatral. Preténdese continuar coa formación de rapazas e rapaces nas técnicas teatrais e nas súas múltiples posibilidades, enfocando a súa acción dende o traballo en grupo.

As sesións da Escola de Teatro serán as seguintes: o 11, 18 e 25 de Novembro, e 2, 9, 16 e 23 de Decembro, de 10 da mañá a 1 da tarde.

Todas estas actividades están subvencionadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Deportes.

I Encontro de Teatro afeccionado

Entre os días 17 e 28 de setembro, celebrouse en Brión o "I Encontro de Teatro Afeccionado", organizado pola Escola de Teatro e subvencionado pola Dirección Xeral de Cultura.

Durante unha semana a carballeira de Santa Minia e a Casa da Cultura foron escenario da actuación de sete agrupacións teatrais. Tivemos ocasión de ver ó Grupo de Marionetas Trécola de Santiago, ó Taller de Teatro dos Anxeles, a Escola de Teatro de Brión, á Asociación Cultural Garola de Cedeira, ó Grupo de Teatro Mahía de Ames, ó Grupo Doidos de Cee e ó Grupo Badias de Zas. Todos eles nos deleitaron cas súas obras e nos deron ocasión de observa-lo que se está a facer noutros concellos.

Ademáis das representacións, tivémo-la ocasión de visita-la exposición de materiais de teatro (maquetas,

Escola de Teatro



CASA DA CULTURA

15065 BRIÓN
GALIZA

traxes, fotografías, marionetas...). Asimesmo e durante tres días, poidemos participar nos obradoiros de construción de máscaras e monicreques, que foron impartidos por catro monitores da Asociación de Educadores de Tempo Libre "Eira Nova" de Santiago.

Agora temos que pensar se é posible un II Encontro de Teatro: está nas mans de todos conseguilo.

O PERIODO DA ROMANIZACION

O expansionismo do pobo romano que comezou en ITALIA e en pouco máis de 300 anos chegou a dominar máis de media Europa, norte de Africa e todo o Oriente Medio deixou tra-la súa domina-

ción a base de toda a cultura occidental: Lingua, Política, Administración, Arte e, sobre todo, o Dereito. As murallas da cidade de Lugo, sinalan o comezo do asentamento romano en Galicia.

oposición ás da cultura castrexa, en zonas montañosas.

Á súa cabeza había un xefe que dispoñía de importantes medios, tanto agrícolas como de man de obra, sen que este tivera que ser precisamente de escravos.

Nesta *villae* teñen a súa orixe topónimos como "Vilar" (temos un claro exemplo na parroquia de Viceso).


— No que respecta a este último punto, hai que recalcar que, a pesares da introducción do culto romano, seguen pervivindo cultos ancestrais. Hai que ter en conta ademais dous fenómenos que, aínda que se produzan de forma tardía, terán unha gran influencia posterior: o cristianismo e o priscilianismo.

O cristianismo penetra en Galicia a fins do século III, tendo máis aceptación nos núcleos urbáns que nos rurais, onde seguen vixentes os cultos pagáns.

O priscilianismo encontrará máis apoio na zona rural. Este é un movemento que pretende levar a cabo unha reforma da Igrexa, aínda que esta acabe por consideralo unha herexia.

De calquer forma, o priscilianismo non fará máis que reafirma-la penetración co cristianismo en Galicia. A súa importancia radica en que sentará as bases do futuro monacato, agás de reflexar unha serie de enfrontamentos sociais que desembocarán na crise do século IV e a posterior chegada dos suevos no século seguinte.

Sistema de construción do pavimento



Bracara Augusta (Braga, en Portugal), Asturica Augusta (Astorga) e Lucus Augusta (Lugo), enlazadas por unha rede de comunicacións adidadas ó comercio que se coñecen co nome de "vías romanas".

Precisamente, de unha de estas vías, a "per loca maritima" que unía Portugal con Brigantium (A Coruña), conservamos no noso Concello restos do seu pavimento, máis concretamente na parroquia de Ons.

—Cambios na agricultura: as *villae*, que eran explotacións agrícolas en terreos xeralmente chans, en

Seguindo ca evolución histórica que comezamos no pasado número de ALTAMIRA, ocupámonos agora do que representou a cultura romana para Galicia, e máis concretamente, para o noso Concello.

A integración de Galicia no imperio romano tivo lugar nunha data tardía, debido en grande medida á súa situación xeográfica na zona máis occidental da península. Precisamente isto é o que quere significar o nome de *Gallaecia*, a provincia máis occidental da Hispania, coa que os romanos a bautizaron.

Será no ano 19 antes de Cristo, coincidindo cas últimas campañas do emperador Augusto, cando a *Gallaecia* queda definitivamente anexionada ó imperio romano.

Sen embargo, é iste un proceso lento e difícil, que dura máis dun século, no que os romanos tiveron bastante oposición por parte dos habitantes castrexos, cultura que por outra parte non desapareceu de contado, senón que coexistiron as dúas: a castrexa e a romana.

Unha vez asentádo-los romanos en Galicia, as transformacións non se fan esperar:

— Nova organización administrativa do territorio conquistado, tendo como base tres importantes cidades:

O sistema a seguir era este: trazábanse no solo dúas fendas laterais, chamadas *sulci*, separadas por unha distancia que representa a largura da rota a fixar. A continuación cávase no solo, entre estas dúas fendas, astra unha profundidade que pode acadar 1 ou 1,5 m., e no desmonte así obtido dispóñense varias capas de materiais heteroxéneos que formarán a estrutura da vía.

Restos da romanización no noso Concello

Cando os romanos chegaron a Galicia, a nosa zona estaba ocupada por unha tribu nomeada dos *amaecos*, de onde deriva o actual nome da comarca da Amaía.

A presenza romana, igual que ocorriera no resto de Galicia debe de ser bastante tardía. Se na época prehistórica, sobre de todo no período castrexo, atopamos numerosos restos arqueolóxicos, non sucede o mesmo cos da época romana, menos abundantes, aínda que si representativos:

— Conservamos, como se indicou anteriormente, restos do pavimento da vía “per loca maritima” en Ons.

— Unha ponte entre Xinzo e Rúa de Francos, próxima ó Castro Lupario.

Hai quen pensa que a súa construción foi posterior á época romana.

— Vila de Cirro, en San Salvador, descuberta en 1963 e datada entre os séculos II-IV. Parece ser que estas ruínas responden a un *hipocaustum* ou casa de baños.

Nela consérvase un mosaico in situ con teselas brancas, negras-azuladas e bermellas.

Apareceu tamén un recipiente cerámico e unha posible cara esculpida reutilizada no muro dun alpendre.



Calzada e ponte romano preto do Castro Lupario no noso Concello.

A romanización deixounos ademais unha serie de innovacións técnicas ou materiais que, se non coñecemos de forma directa, si coñecemos como nos chegaron modificadas:

— a maior parte dos apeiros de ferro


adicionados ós labores agrícolas: fouciños, forçadas, pás, etc.

— a tella ou tégula.

— sistemas de regadío: pantanos, madres, etc.

— material para a explotación mineira, etc.

VIAS ROMANAS DE GALICIA (segundo Sánchez Albornoz)



Os restos da Romanización en Galicia forman parte sustancial da nosa peculiar cultura actual. Dende o propio nome do noso país, ata a súa lingua pasando polos típicos apeiros agrícolas, asentamentos de núcleos de poboación, modelos de construción, utilización de materiais, etc., apreciase claramente a súa orixe romana. Entradas, pontes, murallas, termas, templos, esculturas, etc., son vestixios romanos característicos frecuentemente atopados por toda a nosa xeografía que denotan o grao de influencia de Roma en Galicia.



AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º
TELEFONO: 58 48 91
SANTIAGO DE COMPOSTELA

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:
BASTAVALES

SANTIAGO

**Mesón - Parrillada
A' Roda**


Hospedaje



NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Ferretería
CASAL, S.L.**

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico
Sanitarios - Abonos químicos
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

PASA TEMPOS

Trátase de completa-lo cadro colocando, sen repetir, números do 1 ó 12. Para facelo, deberá ter en conta as normas seguintes:

Os números que aparecen na taboa SI, deberán colocarse nas filas e columnas indicadas na táboa correspondente. Os números da táboa NON, non se poderán poñer nas columnas que teñan esas letras. Dámosllelo primeiro e o último nº colocados.

CADRO:

			E	F	
		C			C
	C	D			D
A					A
B	12				B
		C	D	E	F

PARA CAVILAR

O profesor de historia encarga un traballo para que o fagan en grupo Antonio, Bieito, Carlos, Daniel, Helena e Olga. Pero, para poder face-lo traballo,

Antonio só pode xuntarse cos outros os luns, xoves, venres e domingos.

Bieito non pode os luns, xoves nin sábados.

Carlos só pode os Martes, sábados e domingos.

Daniel no pode o martes, mércores nin sábados.

Helena pode os luns, martes, xoves, sábados e domingos.

Olga só pode os martes, xoves e domingos.

Entón, ¿quen pode, siquera, xuntarse os luns, venres e domingos, para face-lo traballo e sacalo adiante?


SI				
A	1	2	5	8
B	6	7	10	12
C	5	9	11	12


NON				
D	2	7	10	12
E	1	8	9	10
F	3	6	8	11

Complete o cadro con calesqueira números, de dúas cifras e menores de 20, non repetidos, de maneira que ó sumalos horizontal, vertical e diagonalmente, o resultado sexa 42. É realmente moi sinxelo.

13		
18		
		15

(Podería haber máis dunha solución)





Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 72 78

OS ANGELES

SANTIAGO

ARTE EN PEDRA




Tfno. 811704

CRUCEIROS
HORREOS
ESCUDOS
CHEMINEAS
FONTES
BANCOS
ESCULTURAS

MATERIAIS DE CONSTRUCCION

E. PEDRARES MATO



NINANS - LUAÑA
Teléfono 89 99 74

EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N
Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASESORIA LABORAL Y FISCAL



Seguros U.A.P.

Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109
BERTAMIRANS - AMES



Santa Eulalia S.L.
Academia de Conductores

OBTENCION DE TODAS CLASES DE
PERMISO DE CONDUCIR

CENTRO 1 CENTRO 2
Hórreo, 19-1º C Rosalía de Castro, 87-Entlo. E-H
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CENTRO 3 CENTRO 4
C/. Xuncal, s/n Os Anxeles
SIGUEIRO BRION

ALMACEN MAIORISTA DE PRODUCTOS AGRICOLA-GANDEIROS

COMAGRO

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS
HERBICIDAS - INSECTICIDAS - FUNGICIDAS

Teléfono 88 71 15
CRUCE DOS ANXELES - Santiago

MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez
Mourentáns - Viceso (Brion)
Teléfono 89 99 51
Fanse presupostos sen compromiso

PINTURA * DECORACION


SANTIAGO OTERO

TODO EN DROGUERIA PAVIMENTOS - MOQUETAS
PAPELES - MURALES
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14-bajo
Teléfonos 563713-594449-884012 SANTIAGO

Construccions

FRAGA



Obras de Albañilería en xeral
BRION

Teléfono 887179




PANADERIA

SERRAMITO

Os Anxeles-Brion

Tel. 88 71 55



Adega

«SANTA MINIA»

VINO RIBEIRO (Granel - Embotellado)

GASESOSAS

CERVEZAS

LAMIÑO - BRION

Tel. 887282



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos
Tel. 88 73 33 - **BASTAVALES BRION**
SANTIAGO DE COMPOSTELA

FERRETERIA


“SANTA MINIA”

Teléfono 88 70 10

José Caramés

Brion (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,
Drogueria, Papelería, Obxetos de Escritorio,
Traídas de Auga, etc.



AUTOS

PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 72 10
SERVICIO OFICIAL



YMEL S.L.
MONTAJES ELECTRICOS

SANTIAGO DE CHILE, 21 TELEFONO 59 92 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS
CONSERVACIONES, REPARACIONES
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS